

O Tribunal encargado da valoración do proceso selectivo de estabilización extraordinario de emprego para o PTXAS laboral e PTXAS funcionario da Universidad de Santiago de Compostela (RR do 9 de xaneiro de 2024, DOG do 18 de xaneiro de 2024) na súa reunión de constitución do 18 de xullo de 2024,

ACORDOU

Facer públicos os seguintes criterios de valoración dos méritos:

a) Sobre a valoración dos servizos prestados:

- A valoración dos servizos prestados realizarase segundo o indicado na convocatoria, en particular, nos apartados 3.5 e 3.6 da mesma.
- Aos efectos desta convocatoria, enténdese por experiencia noutra Administración Pública aquela acreditada en calquera Administración Pública diferente da Universidade de Santiago de Compostela ou nas entidades públicas dependentes da mesma.
- No suposto de traballadores/as adscritos/as a un posto por Sentenza Xudicial firme, estarase á data de adscrición do traballador/a ao posto para valorar os servizos prestados nel.

b) Sobre a valoración da formación

- A valoración da formación realizarase segundo o indicado na convocatoria, en particular, nos apartados 3.5 e 3.6 da mesma, sempre que teña relación coas funcións da praza, escala ou categoría e, no seu caso, coa especialidade obxecto da convocatoria.
- Non se valorarán como cursos de formación as titulacións académicas oficiais, tanto universitarias coma non universitarias. En consecuencia, non se valorarán como cursos de formación os doutoramentos e mestrados.
- No caso doutras titulacións non oficiais (posgraos, cursos de especialización...) seguirase o criterio recollido na normativa de posgrao propio da Universidad de Santiago de Compostela vixente, que distingue entre cursos que se acreditan con título, que non se valorarán por considerarse titulacións, e cursos que se acreditan con diploma, como cursos de formación continua, que se poderán valorar como cursos de formación, sempre que teñan relación coas funcións da praza, escala ou categoría e, no seu caso, coa especialidade obxecto da convocatoria.

- Poderanse valorar neste apartado os cursos que forman parte dos programas das Escolas de Doutoramento, sempre que teñan relación coas funcións da praza, escala ou categoría e, no seu caso, coa especialidade obxecto da convocatoria.
- Para valorar o coñecemento de idiomas, deberase acreditar o nivel de idioma MCER. Recoñeceranse os certificados de idiomas indicados no acordo do Consello de Goberno do 28 de maio de 2019 sobre recoñecemento de idiomas no título de grao.
- Poderanse valorar, sempre que teñan relación coas funcións da praza, escala ou categoría e, no seu caso, coa especialidade obxecto da convocatoria:
 - os cursos de formación recibidos, convocados, organizados ou impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), pola Axencia Galega de Seguridade Pública, pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas, e por outras escolas oficiais de formación de natureza análoga, incluídas as das restantes Comunidades Autónomas.
 - os cursos de formación recibidos, convocados, organizados ou impartidos polo INEM ou polas Consellerías da Xunta de Galicia, polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e polas Universidades.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

Diana Santiago Iglesias

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: DIANA SANTIAGO IGLESIAS, NIF ***2794**, 31/07/2024 15:59:01.

Asinante/Firmante/Signer: ROSALÍA MEITÍN SUÁREZ, NIF ***9157**, 31/07/2024 14:53:26.

CSV: 5340-36EF-4A27-A347